

MORRE O HOME, NACE O POETA

JOSÉ DE CORA



s poetas non morren nunca; pero no caso daqueles que cantan á terra e ás súas xentes,

como foi Manuel María, en realidade comezan a súa traxectoria cando xa non están connosco e só queda a súa palabra para ser repetida máis aló do seu tempo.

Manuel María é un poeta vivo, porque o palíndromo que forma a súa obra, desde *Muiñeiro de brétemas* a *Brétemas de muiñeiro*, disfruta da música da natureza, da coherencia da razón e da sensibilidade do corazón.

Os que o coñeceron saben da súa bonhomía. Os que a partir de hoxe se acheguen aos seus versos, terán razóns suficientes para intuír que onte foi un día de loito sentido por toda Galicia, como ben comprobou Saleta e como hoxe quedará de manifesto en Santa Isabel, moi perto do regato do Cepelo.